

## XXVIII DOMINGO ORDINARIO (B)

### PRIMEIRA LECTURA Sab 7, 7-11

Lectura do libro da Sabedoría

Roguei e foime dada a prudencia, supliquei e veu a min o espírito da sabedoría.

Preferina a cetros e tronos, en comparanza a ela, coidei ser nada a riqueza; non se lle asemella a alfaia de máis prezo, pois todo o ouro, ó seu lado, é unha manchea de area, e xunto a ela a prata é coma a lama.

Ameina por riba da saúde e da beleza, escollín posuíla en troques da luz, pois o seu raiolar non ten solpor.

Con ela viñéronme xuntos tódolos bens, polas súas mans, riquezas incontables.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 89, 12-13. 14-15. 16-17

R/. (14): **Énchenos da túa misericordia, Señor, e brincaremos de ledicia.**

Ensínanos a conta-los nosos días,  
para que acheguémo-lo corazón á sabedoría.  
Volve, Señor. ¿Por canto aínda?  
Apiádate dos teus servos.

Dános de mañá a fartura da túa misericordia,  
para que teñamos felicidade e ledicia toda a nosa vida.  
Alégranos polos días en que nos afluxiches,  
por tantos anos de coitas.

Que se vexa a túa obra nos teus servos,  
e a túa gloria nos seus fillos.  
Que a bondade do Señor, noso Deus, sexa connosco,  
que el consolide as obras das nosas mans.

**SEGUNDA LECTURA** Heb 4, 12-13

Lectura da carta ós Hebreos

A palabra de Deus é viva e dinámica, máis cortante ca unha espada de dobre fio e que penetra mesmo alí onde se diferencian a alma e o espírito, as xuntas e a medula.

Ela xulga os proxectos e os pensamentos.

Non hai cousa que se lle esconda, todo está nu e penetrable ós seus ollos: é a ela a quen lle temos de dar contas.

**EVANXEO** Mc 10, 17-30 (longa)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, estaba Xesús saíndo para se pór en camiño, e chegou correndo un home, que se axeonllou diante del e que lle preguntou: - Mestre bo, ¿que teño que facer para acadar-la vida eterna?

Xesús respondeulle: - ¿Por que me chamas bo? Ninguén é bo fóra de Deus. Xa sábelos mandamentos: Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e mais a túa nai.

El replicoulle: - Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.

Xesús fitouno cunha mirada chea de agarimo e engadiu: - Aínda che falta unha cousa: Vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.

Pero el tornou triste ante estas palabras e marchou moi apesarado, pois tiña moitos bens.

Xesús, mirando arredor, dixolles ós discípulos: - ¡Que difícil lles vai ser ós ricos entrar no Reino de Deus!

E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras. Pero Xesús volveu insistir: - Fillos, ¡que difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus.

Eles, aínda máis asombrados, comentaban entre si: - ¿E quen se vai poder salvar?

Xesús fitounos coa súa mirada e dixo: - É imposible para os homes, pero non para Deus; porque todo é posible para Deus.

Entón comezou Pedro a dicirlle: - Mira que nós deixámolo todo e seguímoste.

Dixo Xesús: - Dígovolo de verdade: Non hai ninguén que deixe casa ou irmáns ou irmás ou nai ou pai ou fillos ou leiras por cousa miña e por cousa do Evanxeo, que pase sen recibir agora, neste tempo, cen veces máis en casas, irmáns, irmás, nais, fillos e leiras, xunto con persecucións, e no mundo futuro, a vida eterna.

**Ou:** 17-27 (máis breve)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, estaba Xesús saíndo para se pór en camiño, e chegou correndo un home, que se axeonllou diante del e que lle preguntou: - Mestre bo, ¿que teño que facer para acadar a vida eterna?

Xesús respondeulle: - ¿Por que me chamas bo? Ninguén é bo fóra de Deus. Xa sábelos mandamentos: Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e mais a túa nai.

El replicoulle: - Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.

Xesús fitouno cunha mirada chea de agarimo e engadiu: - Aínda che falta unha cousa: Vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.

Pero el tornou triste ante estas palabras e marchou moi apesarado, pois tiña moitos bens.

Xesús, mirando arredor, dixolles ós discípulos: - ¡Que difícil lles vai ser ós ricos entrar no Reino de Deus!

E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras. Pero Xesús volveu insistir: - Fillos, ¡que difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus.

Eles, aínda máis asombrados, comentaban entre si: - ¿E quen se vai poder salvar?

Xesús fitounos coa súa mirada e dixo: - É imposible para os homes, pero non para Deus; porque todo é posible para Deus.